

XIV FESTA do VINHO TINTAFEMIA



30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo
Santa María de Cela

O PLEITO DO VIÑO

O sentimento de pertenza a unha comunidade, a un grupo social en Galicia adoitaba empezar pola parroquia como expresión civil do termo que acababa na maioría das veces identificándose coa freguesía e concepto de fregués (fillo da mesma Igrexa, que nace, bautiza, casa, morre e enterra nunha mesma comunidade e credo). Así foi de xeración en xeración ata os nosos días. Cando de neno me preguntaban de onde era, primeiramente sempre respondía de Cela provocando a risa no meu interlocutor, serás de Bueu ? Dícíanme. Non, eu son de Cela. O contexto situacional determinaría máis tarde a contestación: estando en Bueu municipio, son de Cela, estando en Marín son de Bueu, estando en Madrid, son galego e estando en Cela son da Torre Vella ata tal punto chega a neutralización da parroquia nos nosos días que para Correos, entre outros, non existe Cela nin Beluso nin Bueu como entidades parroquiais porque co nome do lugar e co código postal é innecesario. Poñendo Sabarigo, O Beloso, O Igrexario, As Castiñáns ... é redundante por Cela, pois non hai outros lugares oficiais co mesmo nome no mesmo municipio.

Lembro de rapaz naquelas sobremesas longas tralas Misas Maiores da Patrona ou das outras festas parroquias que os vellos da casa lembraban e transmitían aqueles fitos que xa formaban parte da historia que tiñan un nexo común: a irmandade e o proceder como veciños unidos da mesma parroquia. Así sempre acababan relatando pasaxes como a consecución do eirado de festas, a defensa a ultranza do monte veciñal en mancomún de Chans no que varios tiñan posto o ollo, o relato persoal do médico don Manuel Riobó Guimeráns que acabou mercando as illas de Ons, as vicisitudes dunha capela de Cela no medio do monte baixo a advocación de San Lourenzo, se Hermelo ou Cela quen era máis antiga un que a outra.... Cantos hoxe de nós poderíamos transmitir en parte ou na súa totalidade unha destas historias ?. Por non lembrarnos seguro que xa nin queremos acordarnos do catastrazo ó rural do Concello de Bueu do verán do ano 2015, iso que nos foi ó peto que disque é o que máis doe. Que fixemos como veciños e como parroquia ?

Pois nesta liña de pensamento aproveito a festa hogano do Tintafemia de Cela para recordar un fito que como comunidade, como parroquia unida ocorreu nos anos 1934 a 1936 e que se coñeceu como *O pleito do viño*, isto é, o levantamento pacífico popular pola negativa dos labradores colleiteiros da

parroquia de Cela a pagar a suba do arbitrio que sancionaba a ordenanza fiscal municipal do viño, alcoles e carnes para aqueles exercicios e que fornecían o orzamento xeral municipal. En 1933 o viño estaba gravado a razón de catro céntimos por litro e a modificación de 1934 e seguintes prevista, elevaba a cantidade a dez céntimos por litro. Dun ano ó seguinte unha suba de seis céntimos por litro, dez pesetas por hectólitro no caso do viño común. Os augardentes e demais bebidas espirituosas a vinte pesetas por hectólitro de gravame.

O viño bo de Cela / que a dez céntimos subeu / e veñen a probalo / os de Marín, Beluso e Bueu.

Naqueles intres, os movementos sociais derivados do mar, dos oficios varios e da gandería e agrarismo estaban consolidados. Na nosa parroquia, a asociación de agricultores e gandeiros *El Porvenir de Cela* iniciada a principios dos anos vinte, tiña agromada a súa semente e non debemos esquecer que máis alá dunha irmandade de labradores para as sementes e apeiros de labranza o máximo expoñente era a Contrata de atención médica ós seus asociados. Para o seu sostemento mesmo houbo que recurrir a contribucións de personaxes alleas como o deputado por Pontevedra, Emiliano Iglesias Ambrosio quen visitaba a parroquia polas festas patronais, máis interesado no seu feudo electoral que na inauguración do palco de pedra vello para a música ó que tamén dician que contribuíra.

Todo comenzou co orzamento de 1935, prorrogado do dos anos 1933 e 1934 cando estrala o conflito e no que se prevía unha reforma da ordenanza reguladora do arbitrio de alcoles ó abeiro do artigo 434 e seguintes do Estatuto Municipal vixinte coa subas que arriba quedan ditas. Foi entón cando o arrendatario de cobrar os impostos municipais, Ramón Búa Granda na tentativa de exacción atopou unha resistencia "*contumaz del vecindario a cumplir con sus obligaciones fiscales...*", tal que a parroquia de Cela foi a primeira en negarse ó pagamento da suba consignada na modificación da ordenanza, logo sumaríanse outros colleiteiros das outras parroquias. O asunto chegou a tales extremos que o Concello rescindiu ó adxudicatario e arrendatario o contrato o que levou a unha reclamación xudicial posterior e por parte dos veciños de Cela depositaron cautelarmente en arcas municipais as cantidades demandadas para a suspensión do procedemento de apremio á espera de resolución definitiva e firme tanto do Tribunal Económico

Administrativo de Pontevedra como do Tribunal Contencioso Administrativo da mesma cidade. A tal efecto os veciños agrupáronse por lugares en torno a un cabezaleiro que en nome de agrupacións de veciños adiantaron e depositaron os cartos intervidos en arcas xudiciais. Dou fe das cantidades o depositario municipal, don Ricardo Gómez Buceta. Foron: don Tomás García Parada por si e polos dezaoito señores relacionados, don Benito Fazanes Garrido e vinteseite señores máis, don José Rosales Freire e dezaoito adxuntos. Logo sumariáanse Benito Menduiña Ferradás e dezaseis señores, José Padín Costas e dezaoito máis, Manuel Vidal Pequeño e quince señores, Miguel Medraño Piñeiro e vinte máis.

Velaquí un exemplo aproximativo dos aforamentos e da recadación que a parroquia de Cella aportaba anualmente por lugares e neste concepto ó orzamento xeral municipal:

Parroquia de Cella

Pousada	62.478 litros	1.249,56 pesetas	52,
	80 ptas de caña		
Igrexario	78.792 litros	1.575,84 pesetas	110,60
ptas de caña			
Sabarigo	77.320	1.546,40	129,60
Castrelo	84.222	1.684,44	133,20
Beloso	47.988	959,76	52,40
Burgo	49.140	982,80	63,60
Castiñáns	59.781	1.195,62	66,00
Antepazo	71.120	1.422,40	80,60
Torre	49.862	997,24	127,00
Hermelo	13.068	261,36	167,60
	-----	-----	-----
	593.771	11.875,42	833,40
Parroquia de Bueu : 335.549 litros		6.710,98 pesetas	307,80
ptas caña			
Parroquia de Beluso: 243.985 litros		4.879,70 pesetas	443,60
ptas caña			
Total parroquias:		23.466,10 pesetas	1.584,80
ptas caña			
Total recadación:		25.050,90 pesetas	

Entre mentres, a realidade social amosábase conflictiva. Non hai máis que repasar as letras de entroido, verdadeiras composicións que no maxín da xente que as cantou por anos chegou ata nós incólume dun tempo de irmandade. Xa en 1933, os membros da comparsa *Los Campesinos* de Cela da que era director e responsable da letra e da música, don José Diz Paz (Pepe Diz) (1), foi detida por orde da Alcaldía pola letra do seu vals titulado ***De la justicia en esta Villa (Es don “Verzotas” inteligente / y “Alvarito” cuco rapaz; / los dos “aplican” la ley vigente / de “chupar” mucho sin trabajar...)*** constituíndo un verdadeiro himno para a parroquia de Cela titulado pasodoble ***Campesinos somos aquí llegamos (dispuestos tan sólo a desvirtuar/ el trivial concepto que de aldeanos/ se ha formado el vulgo de “la ciudad”...)*** e que aventuraba na súa Jota este pleito polo viño dicindo ***Para pagar consumos / y las contribuciones / somos “los Campesinos” / buenos pagotes.***

Logo en 1934 en Cela, virían ***Los hijos del campo***; En 1935 a comparsa ***Los estudiantes*** e a murga ***Los Críticos Pregoneros*** do mesmo director que en pleno fregado a súa Jota di así :

Nos hacen pagar el vino / a diez céntimos por litro/ y también por las gallinas/ y los cerdos de matar/ el que no lo mate/ en este Carnaval/ no come cacheira/ ni hoso zoán./// Y el que lo mate/ sin tener el permiso/ tres pesetas en arroba / tiene que pagar./ Si tiene muchas arrobas / y no puede pagar/ se queda sin cerdo/ y sin capital, esto es la verdad /// Al señor Alcalde / le vamos a pedir / nos rebaje el vino/ para no sufrir / y señor Alcalde/ tenga compasión/ de los cosecheros/ de buen corazón./// Si no lo hace así / le vamos a decir/ que antes de pagar/ cortaremos la vid / porque no puede ser/ tanto esto resistir./// Si no quieren oír/ los vamos a llamar/ para quitar os cocos/ esladroar.

Pola parroquia de Cela e fóra das marxes da imprenta para evitar novamente as detencións no entroido de 1935, as mulleres cantaban con música de *La cucaracha* e letra de Pepe Diz de camiño á fábrica cando oían o sifón :

*Existe en Bueu señores
el extraperlo del vino
obra de unos chapadores
para explotar al campesino.*

*Borbulladas al Perrito
le dice con alegría
en este negocio quito
el mal año la barriga.*

*Estribillo:
Oid vecinos, escuchad sordos
lo que con razón diré
que los vecinos, si pagan todos
el Perrito hace un chalet*

*Estos hombres que se fingen
del pueblo ser defensores
achicharran y oprimen
a los pobres labradores
Estribillo ...*

Borbulladas é o alcalde e o Perrito, o concelleiro delegado de facenda. O alcalde e próximo Presidente da Deputación por uns meses, retou ós labregos que non eran quen de meterlla por debaixo da porta principal interior da súa casa, na Torre Vella, pois estaba circundada por muros e portais altos con cans soltos polo circundado. Ó final apareceu no corredor interior de acceso ós cuartos dormitorios da vivenda. Días depois pola vila de Bueu, apareceu un can que non estaba empadroado na localidade, afeitado por un dos lados do corpo e cunhas gafas sen lentes atadas ás orellas e na zona rapada podía ler en tinta con caracteres grandes “Tú que Diz” en clara alusión ó autor da composición poética, pois empregaba anteollos con cristais de aumento dende neno, non en van conócíano polo “gafas”.

O vintenove de febreiro de 1936 o Tribunal económico administrativo de Pontevedra dictou sentenza fallando a favor dos demandantes, José e Vicente Rosales Freire en representación dos veciños da parroquia de Cela anulando a suba orzamentaria e sendo de aplicación o tipo impositivo da ordenanza anterior en vigor de 1933 e 1934 e o dezasete de setembro dese mesmo ano o Tribunal Contencioso Administrativo de Pontevedra falla igualmente a favor dos veciños demandantes deixando sen efecto a modificación da ordenanza fiscal de decembro de 1934 con efectos orzamentarios para 1935 e exercicios sucesivos. En resumidas contas, ambos

tribunais viñeron a dicir que tratándose de orzamentos prorrogados dende 1933 para os exercicios seguintes nos que se aplicaban ordenanzas fiscais modificadas á alza sen acotar o período de vixencia e que non se vían reflectidas no capítulo de inversións ó tratarse de prórrogas de anos anteriores, non procedía acoller tales subas e, en definitiva éranlle de aplicación ós mesmos orzamentos prorrogados as mesmas ordenanzas e imposicións fiscais.

No Tintafemia do primeiro ano da Indicación Xeográfica Protexida de **Ribeiras do Morrazo**. (Diario Oficial de Galicia núm. 182 do venres, 23 de setembro de 2016)

Torre de Santa María de Cela, xuño e cinco de dous mil dezasete

Belarmino Barreiro Rosales

(1) Véxase o libro titulado *A proba dos viños (Costumes de Cela) e O choco de Barrabás e outras composicións*, de Xosé Diz Paz. Edición preparada e anotada por Belarmino Barreiro Rosales, Bueu 2014



Lambonadas
La Maravilla
La de Dina

Zona Peatonal Banda do Río (BUEU)